


Camión de Teixido



De Santa Comba a San Andrés

**“a San Andrés de Teixido vai de morto
quen non foi de vivo”**

Conta a tradición galega como San Andrés chegou nunha barca de pedra ao remoto lugar de Teixido. Tanto se queixaba, de que a vontade divina o levara ata aquelas terras, que se lle apareceu Cristo para dicirlle que ese lugar sería visitado por todos a lo menos unha vez na vida; así que aqueles que non foron de vivos terán que reencarnarse en algún animal para peregrinar a San Andrés como requisito previo á súa entrada no ceo.

**“Santa Combiña bendita ten un navío no mar
quen llo dou, quen llo daría
listo para navegar”**

Tamén recolle a tradición popular que Santa Comba chegou á Insua do medio nunha barca de pedra acompañada do seu fillo San Silvestre. A barca atópase ao lado da ermida e existe unha lenda que afirma que ninguén puido sacala do seu emprazamento e que cada vez que se intenta fúndese mais e mais.

INTRODUCCIÓN

Un dos itinerarios, sinalados polo historiador Rafael Usero, para ir a Compostela procedía do norte de Europa, pasaba por San Andrés de Teixido, visitaba o santuario de Santa Comba e, tras rodear o Cabo Prior encamiñábase a San Cristobo pola beira da ría para dirixirse ao Mosteiro de Xuvia e dende alí a Compostela.

Tomando esta referencia como punto de partida podemos supoñer que, tratándose San Andrés dun lugar de peregrinaxe obrigado para todos os cristiáns, ese camiño que nos levaba a Santiago tamén fose utilizado, en sentido inverso, para visitar Teixido.

O CAMIÑO HOXE

Hoxe en día as motivacións que conducen á xente aos lugares de peregrinación son moi diversas, dende os que continúan acudindo por motivos espirituais ou relixiosos, aos que o ven como un xeito distinto de facer turismo.

O pasado ano 2008 rematou o proxecto de Costa Ártabra para a sinalización e recuperación do Camiño de San Andrés de Teixido comezando, unha das alternativas, na Illa de Santa Comba (Covas).

Ao fío deste proxecto e tendo en conta o efecto dinamizador que teñen os distintos camiños, que percorren o noso país, nos núcleos poboacionais que atravesan decidimos poñer en marcha distintas iniciativas para a promoción desta ruta.

INICIATIVAS

Creación dun albergue para camiñantes que dese servizo a todos aqueles que desexasen iniciar o camiño en Covas. Para isto propúxose ao Concello de Ferrol a adaptación do antigo edificio do ximnasio (hoxe en desuso) xa que con un pequeno investimento (uns 5.000€) poderíamos habilitar unha sala con vinte camas, unha cociña, dous aseos completos con auga quente e unha pequena oficina. A man de obra necesaria para a realización dos traballos sería aportada por grupos voluntarios da Avv. Unha vez preparado o albergue a atención aos camiñantes e o mantemento das instalacións correría a cargo da Avv e sería gratuíto para os usuarios.

Con esta iniciativa incrementaríase o número de camiñantes que iniciarían os camiños en Covas e en consecuencia o número de potenciais visitantes e consumidores. Sería ademais o único albergue do Concello de Ferrol e o primeiro do Camiño de Teixido.

Deseño dun plano-guía do camiño que conteña tanto as indicacións necesarias como información sobre os distintos servizos que podemos atopar nos lugares que atravesamos. Tamén resultaría atractivo para os camiñantes o dispor dun pasaporte que poida ser selado, e a expedición dun certificado a aqueles que rematen o camiño.

Promoción do Camiño de Teixido, para o que se editarían carteis e folletos promocionais que se levarían ás feiras nas que participasemos, distribuíríanse nas oficinas de turismo e hoteis e poderían formar parte da oferta turística que os Concellos implicados levan ás distintas mostras nacionais e internacionais.

Organización de andainas percorrendo distintos tramos do Camiño de Teixido para difundilo entre os veciños e que tomen conciencia da importancia que pode ter para o noso desenvolvemento económico.

Constitución dunha sociedade de amigos do camiño que poida captar axudas e subvencións destinadas ao mantemento e promoción do mesmo.

CAMIÑO DE SANTIAGO

A promoción do camiño de Teixido serviría tamén para dar a coñecer a ruta costeira a Compostela, á que facíamos referencia na introducción, o que incrementaría o número de visitantes aos nosos pobos e podería converterse nunha alternativa aos masificados itinerarios actuais.

OUTRA INFORMACIÓN

Mais información sobre Covas e a Avv na nosa páxina web:

www.avvcovas.com